


MISA CON NENOS 22 de abril
de 2018

Domingo 4º de Pascua-B



**O BO PASTOR dá a vida
para unir as ovelhas.**



1. ACOLLIDA

Irmáns e irmás:

Neste cuarto domingo de pascua, o evanxeo preséntanos a Xesús como o Bo Pastor, como o único guía seguro que nos vai abrindo o camiño. El coñécenos a cada un, chámanos polo noso nome e ámanos un a un, ata nos momentos máis difíciles ou dolorosos da vida. Xesús deu a súa vida por nós e séguea dando cada domingo feita pan renxedor, fresco, que nos fai fortes na eucaristía. Neste domingo anterior ao mes de maio, mes da Virxe, pedimos á Divina Pastora e aos nosos pastoriños que nos preparen para a novena, e que coiden de todos nós.

(No panel colocamos un debuxo do Bo Pastor. Debuxamos unha ovella graciosa e dámoslle unha copia a cada neno onde escribirán o seu nome. Ao final podemos regalarlle unha ovelliña a cada neno que facemos ou mercamos. Ofrecémola no ofertorio).

No nome... *-Que a graza do noso Señor Xesucristo, o noso pastor, camiño e vida, sexa con todos vós.*

2. PETICIÓNS DE PERDÓN ou ASPERSIÓN

(Sacerdote) Pidamos perdón ao Señor:

* **(Pai - nai)** A ti que es o Bo Pastor e deches a túa vida por todos nós, pedímosche: *Señor, ten piedade de nós.*

* **(Catequista)** A ti que es o Pastor e gardián das nosas vidas, rogámosche: *Cristo, ten piedade de nós.*

* **(Neno - nena)** A ti que cargaches cos nosos pecados e curaches as nosas feridas, che décimos: *Señor, ten piedade de nós.*

(En vez do momento de perdón pódese realizar a aspersión):

Comecemos a celebración recordando o noso bautismo, aquel momento en que entramos a formar parte da comunidade dos seguidores de Xesús **(Aspersión cun canto bautismal).**



-Que Deus todopoderoso nos purifique do pecado e, pola celebración desta Eucaristía, nos faga dignos de participar no banquete do seu Reino. Amén.

3.MONICIÓN AS LECTURAS

Na primeira lectura escoitaremos o testemuño de Pedro e os apóstolos trala Resurrección de Xesús, un acontecemento que transformou a súa vida enchéndoo de fe e ledicia e por iso invitan a todos a unirse á nova comunidade. A Carta de san Xoán é unha invitación a seguir a Xesús en concreto, con feitos, non só con Boas palabras. No evanxeo tamén Xoán nos di que imos pola vida seguindo a Xesús que é o noso Pastor e guía, o Camiño, a Verdade e a Vida.

LECTURAS

FEITOS 4, 8-12: *(Non hai salvación en ningún outro).*

Naqueles días, cheo de Espírito Santo, Pedro díxolles: «Xefes do pobo e anciáns: Porque lle fixemos un favor a un enfermo, interrogádesnos hoxe para pescudar que poder curou ese home; quede ben claro a todos vós e a todo Israel que foi o Nome de Xesucristo o Nazareno, a quen vós crucificastes e a quen Deus resucitou de entre os mortos; por este Nome, preséntase este san ante vós. El é “a pedra que rexeitastes vós, os arquitectos, e que se converteu en pedra angular”; non hai salvación en ningún outro, pois baixo o ceo non se deu aos homes outro nome polo que debemos salvarnos». *Palabra do Señor.*

SALMO 117: *A pedra que rexeitaron os arquitectos é agora a pedra angular.*

1ª XOÁN 2,1-5: *El é vítima de propiciación polos nosos pecados e tamén polos do mundo enteiro.*

XOÁN 10, 11-18: (*O bo pastor dá a súa vida polas ovellas*).

Narrador:

Naquel tempo, díxolles Xesús:

Xesús:

-«Eu son o Bo Pastor. O bo pastor dá a súa vida polas ovellas; o asalariado, que non é pastor nin dono das ovellas, ve vir o lobo, abandona as ovellas e foxe; e o lobo róubaas e dispérsaaas; e é que a un asalariado non lle importan as ovellas.

Eu son o Bo Pastor, que coñezo s miñas, e as miñas coñécenme, igual que o Pai me coñece e eu coñezo o Pai; eu dou a miña vida polas ovellas.

Teño, ademais, outras ovellas que non son deste curro; tamén a esas téñoas que traer, e escoitarán a miña voz, e haberá un só rabaño e un só Pastor.

Por isto ámame o Pai, porque eu entrego a miña vida para poder recuperala. Ninguén ma quita, senón que eu entrégoa libremente.

Teño poder para entregala e teño poder para recuperala: este mandato recibín do meu Pai».

Palabra do Señor.

(Narrador-Xesús)

4. CREDO O RENOVACIÓN DE LAS PROMESAS BAUTISMALES:

-Renunciades ao pecado para vivir verdadeiramente como fillos de Deus? ***Si renuncio.***

-Renunciades a todas as obras do mal na vosa vida. ***Si renuncio.***

-Renunciades a vivir pensando só en vós mesmos, esquecéndovos dos demais e de Deus? ***Si renuncio.***

-Creedes en DEUS PAI cuxa palabra liberadora sostén a vida das persoas e o seu traballo creador. Porque El é a Vida?

-Si Creo

-Creedes no seu FILLO presente entre nós que camiñabamos en tebras e nado entre os máis pobres para manifestar o amor a Deus. Porque El é o Señor?

-Creedes no ESPÍRITO SANTO que nos fixo renacer á vida de Deus e que nos enche de forza e valor nas nosas loitas por seguir a Xesús. Porque El é o Amor?

-Creedes na IGREXA, posta ao servizo dos homes para que todos reciban a plenitude de Deus. Porque ela é mensaxeira de Boa Noticia?

-Creedes na VIDA ETERNA de todas as testemuñas do amor de Deus no mundo. Porque esa é a nosa Esperanza?

(Sacerdote) *Esta é a nosa fe, a fe da Igrexa, a que se proclamou no noso bautismo e que agora renovamos.*

5. PETICIÓN

(Sacerdote) Necesitamos que o Pastor Bo nos atraia cara a el, nos faga escoitar a súa voz e nos dea a súa vida. Por iso pedímoslle:

-Bo Pastor, acompáñanos e guíanos. /Nai do Bo pastor, roga por nós.

1. Para que as nosas parroquias sexan comunidades vivas, unidas, abertas e acolledoras, nas que se sinta a presenza de Xesús. *Oremos.*
- 2.- Para que os pastores da Igrexa e os catequistas vivan a súa fe con ilusión e anuncien coa Boa Noticia de Xesús. *Oremos.*
- 3.- Para que coñezamos mellor a Xesucristo, o noso Pastor, escoitemos a súa voz e sigámolo docilmente. *Oremos.*
- 4.- Polas nais, os sacerdotes, os educadores, profesores e catequistas: para que imitemos ao Bo Pastor coa nosa tarefa calada pero imprescindible para o desenvolvemento da persoa e a integración na sociedade. *Oremos.*
- 5.- Polos que celebramos a eucaristía para que vivamos sendo luz, acollida e perdón. *Oremos.*
- 6.- Polos mozos e mozas que se prepara para o sacramento da confirmación, a forza do Espírito, para que sempre sexan testemuñas de Xesús e se alimenten cada domingo co Pan da Eucaristía. *Oremos.*

(Sacerdote) En ti, Señor, poñemos a nosa confianza. Guíanos, cúranos, énchenos da túa ledicia. Por XCNS.

6. OFRENDAS (escoller)

-A CRUZ DO BO PASTOR: O Papa Francisco usa unha cruz co Bo pastor e as ovellas. O Espírito, simbolizado na pomba, regálanos os dons e carismas que nos complementan e nos unen. O rabaño é o pobo de Deus que segue a Cristo no seu camiñar. Cristo, é o Bo Pastor, que dá a vida e recolle á ovella extraviada. Señor, sé o noso pastor, dános o teu Espírito.



-UN ROSTRO DE XESÚS BO PASTOR: Xesús Pastor que dá a vida que coida e guía é modelo para os nosos pastores. Hoxe damos grazas a Deus polo noso sacerdote e por todas aquelas persoas responsables de tantas tarefas pastorais que realizamos na nosa comunidade parroquial.

-UNHAS OVELLIÑAS (*cada neno ofrece unha ovelliña co seu nome*): Ofrecemos estas ovellas de papel que expresan o noso desexo de seguir a Xesús sempre e de formar un gran rabaño, unha gran familia en torno a el.

-ZURRÓN CUNHA BIBLIA: Tamén che presentamos este zurrón cunha Biblia. A Palavra de Deus é a forza do Bo Pastor e de todos os consagrados ao Señor. Con esta ofrenda queremos entregarche, Señor, a vida de tantas persoas que día a día viven e se entregan por ti.

-PAN E VIÑO: Cada domingo Cristo faise Pan saboroso e quente que alimenta a nosa vida que fortalece a nosa fe e nos une a el e aos irmáns e irmás.

8. SUGERENCIAS

- No panel colocamos un debuxo do Bo Pastor. Debuxamos unha ovella graciosa e dámoslle unha copia a cada neno onde escribirán o seu nome. Ao final podemos regalarlle unha ovelliña a cada neno que facemos ou mercamos. Ofrecémola no ofertorio dicindo: Ofrecemos estas ovellas de papel que expresan o noso desexo de seguir a Xesús sempre e de formar un gran rabaño, unha gran familia a carón del.



Confío en ti. Guíame!

Señor, Xesús, a parábola do bo pastor permítenos descubrir os teus sentimentos e actitudes para con todos os homes e mulleres da terra. Es o Bo Pastor que nos queres, coñécesnos e chámarnos polo noso nome.

Pacientemente e con amor, condúcesnos por camiños de vida eterna.

Aliméntanos e protéxenos; preocúpate de todos e cada un.

Se un día afastámonos dos irmáns e de ti, búscanos para que non nos perdamos.

Si sígote e escóitote na oración, tamén eu serei capaz de recoñecer a túa voz no medio da loita de cada día.

Quérote seguir porque confío en ti. Non te canses nunca de min e guíame.

Grazas tamén por tantos pastores que nas nosas parroquias e colexios nos acompañan e guían. Nai do Bo Pastor. Roga por nós.